

DECRETO

EXCMA. SRA. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, ALCALDESA
PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A
MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA
ÁS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO QUE SE DESPRENDEN DO
NOMEAMENTO DE FUNCIONARIO/A INTERINO/A ADSCRITO Á BRIGADA DE
CEMITERIO, POLA BAIXA DO TRABALLADOR JULIO LÓPEZ MEILÁN

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 12-2024, por un importe total de 11.071,02 €, dentro do vixente orzamento do exercizo 2024, para dar cobertura ás obrigas de carácter económico que se desprenden do nomeamento de funcionario/a interino/a adscrito á brigada de cemiterio, pola baixa do traballador Julio López Meilán (cód 720104/102/2), ante a inexistencia de crédito adecuado e suficiente a nivel de vinculación xurídica no subprograma 16401, e na que se propón a cesión de crédito por importe de 11.071,02 procedente dunha vacante de auxiliar administrativo no negociado de Estatística e Padrón (cód 72102/32/7, subprograma 92310) e vista a inexistencia de crédito adecuado e suficiente no vixente Orzamento Xeral, solicítase a tramitación dun expediente de transferencia de crédito.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Refs: 2024/532, de 16.04.2024 así como os RCMOD núms.: 27309/2024, 27310/2024 e 27311/2024 de 16.04.2024 por importe de 11.071,02 €.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 11.071,02 € para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

<u>APLICACIÓN S QUE CEDEN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>APLICACIÓN S QUE INCREMENTAN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>
92310.12004		16401.12004	3.888,49
92310.12100	1.819,02	16401.12100	1.572,49
92310.12101	3.762,94	16401.12101	2.933,69
	5.489,06	16401.16000	2.676,35

INTERVENCIÓN

LVP/slb

Refª: ispac4930536058358088465.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 12-2024 Oficial sepultureiro

TOTAL CRÉDITO CEDIDO	11.071,02	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO	11.071,02

SEGUNDO. Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.